

Libros

Itziar Ruiz-Giménez Arrieta, “Las buenas intenciones”,
Intervención humanitaria en África, Madrid 2003, Icaria, Política Internacional, 183 páxinas.

Somalia, Ruanda, Liberia... países que conforman o mapa da África subsahariana e que descansan nas nosas retinas impregnados de sangue e horrores que non alcanzamos a comprender. Escenarios de conflitos que interpretamos anárquicos, salvaxes e brutais, froito de odios étnicos, atávicos e irracionais. Esta é a visión dominante que temos do continente esquecido, a que consumimos a través dos medios de comunicación, encargados de alimentar, unha vez máis, o imaxinario colectivo occidental sempre conforme coa proposta mediática que achega aos nosos fogares un mundo primitivo, indómito e salvaxe.

Trala caída do muro de Berlín moitas foron as voces que se anticiparon a anunciar un mundo de paz e prosperidade, e aquel semellaba o momento oportuno para propiciar procesos democratizadores que desde había tempo viñan demandando amplos sectores da sociedade africana e do mundo enteiro, despois de soportar “longas noites de pedra”.

Porén, neste clima de esperanzas, desaparecida a contenda bipolar, a posguerra fría vai dar paso á aparición de Estados colapsados por duros enfrontamentos, quizais dos máis sanguentos e violentos da nosa historia recente e tamén, como ben nos descobre a autora, máis descoñecidos.

Este libro permítenos facer un percorrido detallado polas narrativas empregadas para explicar as causas e dinámicas dos conflitos iniciados nos anos noventa en Somalia, Ruanda e Liberia e as intervencións humanitarias que desencadearon. Narrativas parciais, que semellan responder ao que en palabras de Mark Duffield é o fenómeno de como Occidente transforma o coñecemento en poder.

O novo barbarismo, o subdesenvolvemento como causa do conflito e a económica política da guerra son as tres narrativas que encaixan como as pezas dun puzzle na lóxica de Occidente, que pretende definir as guerras africanas como salvaxes e irracionais, enraizadas en odios ancestrais, narrativas que poñen a énfase en discursos parciais e distorsionados, nos que se invisibiliza aos responsables directos na orixe e desenvolvemento destes conflitos, e nas que se tenta lexitimar en todo momento a postura adoptada polos actores internacionais. Narrativas nas que nunca aparecen as dinámicas positivas da sociedade africana. Imaxes tóxicas e falsas, como di a autora, que tiveron e teñen efectos perversos en moitas das operacións humanitarias auspiciadas pola comunidade internacional.

Irene González Contreras.

Guillermo de la Dehesa, "Globalización, Desigualdad y Pobreza", Alianza Editorial, Madrid 2003, 311 páxinas.

A globalización aumenta a pobreza e a desigualdade. É a opinión xeralizada sobre a situación –non só económica– na que nos atopamos hoxe en día. Nos últimos anos e décadas lemos moito sobre os efectos negativos e devastadores para o Terceiro Mundo deste fenómeno, historicamente recente. Guillermo de la Dehesa, autor do libro "Globalización, Desigualdad y Pobreza" tenta demostrar o contrario: que a globalización reduciu e non aumentou a pobreza e a desigualdade no mundo.

A súa tese ten dúas bases fundamentais: primeiro identifica o progreso tecnolóxico como a principal fonte da "enorme prosperidade actual". E, en segundo lugar, afirma que as consecuencias deste progreso tecnolóxico, principalmente a desigualdade e a pobreza, só se poden reducir a través dun aumento do proceso de globalización. É dicir, que a maioría das persoas marxinadas e pobres non son vítimas da globalización, senón vítimas dunha falla de globalización.

O autor traza a súa tese da seguinte maneira: a globalización en si mesma non é nada malo, senón que son os factores que impiden o pleno desenvolvemento da globalización, os que producen os efectos negativos deste fenómeno. É o proteccionismo dos países desenvolvidos e as súas subvencións ao sector agrícola dentro dos seus territorios. Explica que, en cambio, deberíamos aumentar os fluxos do investimento para o Terceiro Mundo e impedir un recorte da Axuda Oficial ao Desenvolvemento, así como mellorar o seu funcionamento. Estes investimentos non só beneficiarán aos países en vías de desenvolvemento, senón que son á súa vez a única maneira de controlar a forte emigración que se está a producir desde estes países aos países desenvolvidos.

O autor roga unha acción rápida e eficaz para que o problema de sobrepoboación nas rexións "ricas" non se convirta nun proceso incontrolábel. Pero non só é a posición dos países desenvolvidos a que ten que cambiar: o proteccionismo financeiro e comercial entre os países en vías de desenvolvemento é outro factor que evita un aumento de globalización e, así, a redución de pobreza e desigualdade.

A través dunha variedade de cifras, gráficos e estatísticas, o autor tenta lexitimar a súa tese, e as variábeis económicas que utiliza demostran que as súas interpretacións non son o simple produto dunha convicción económica, senón que posúen unha base verificábel. No entanto, cómpre ter en conta que a selección de datos, é dicir, a selección respecto ás fontes consultadas, inflúe fortemente en calquera resultado, e que está determinada por certa ideoloxía. É así, porque tanto o método como os materiais utilizados teñen un impacto significativo na investigación científica. E se a principal fonte dos datos presentados vén do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional debemos preguntarnos: cal é a ideoloxía destas institucións? Cal é a cualidade dos seus datos? E, finalmente, estes datos non son máis ben estimacións, e estimacións que favorecen os obxectivos das axencias contratadas?

En resumidas contas, trátase dun libro que definitivamente invita a reflexionar sobre os factores que determinan o mundo no que vivimos. As consecuencias do proceso tecnolóxico e do proceso de globalización, a pobreza e a desigualdade mundial, están vencelladas estreitamente, e aínda que non se estea de acordo coas conclusións do autor cómpre admitir que a súa liña de argumentación demostra con claridade que existe unha forte conexión entre estes fenómenos.

Daniela Pichler.

Carlos Alonso Zaldívar, "Al contrario, sobre liderazgo, globalización e injerencia", Espasa, 2001, 291 páxinas.

A *l Contrario* é unha obra na que Carlos Alonso Zaldívar rebate algunhas das ideas máis estendidas sobre a comunidade internacional. O liderado nas relacións internacionais, agora supostamente exercido dende os Estados Unidos, a capacidade da globalización como elemento homoxeneizador de culturas a nivel mundial e a inxerencia por motivos humanitarios como forma de facer valer o dereito internacional.

Zaldívar concibe a súa análise a través dos tres conceptos chave que titulan a obra. Respecto ao liderado, defende a idea de que no mundo actual non existe un líder e nunca o haberá. O líder caracterízase pola súa capacidade para marcar un camiño e unir aos demais para percorrelo. Pero para acadalo precísanse tres requisitos: lexitimidade, capacidade e vontade. Estados Unidos é o país que está máis cerca de obter esa posición de liderado pero, segundo o autor, non cumpre estes requisitos. Ninguén lle deu lexitimidade para erixirse como líder e ademais posúe uns obxectivos na súa política exterior que distan moito de ser aceptados pola maioría da comunidade internacional. En canto á súa capacidade, e malia ser o país con maior poderío económico, político e militar, a distancia que o separa dos seus competidores é cada vez menor dado o pulo co que se están a desenvolver potencias coma China. Ademais, existe un factor que priva aos Estados Unidos da vontade de ser líder, e que sería aplicábel a calquera outro estado. Os cambios de gobernos nos réximes democráticos e a variedade de opinións dentro das sociedades fan case imposible formar unha vontade clara na política exterior. A dificultade para que a poboación interna acepte os custos que supón ese liderado e a alternancia nos gobernos dificultan unha vontade sostida no tempo, algo imprescindible para exercer a hexemonía.

Ademais, o liderado real baséase nunha estrutura piramidal, cun líder na cúspide e o resto de estados sometidos a este. A realidade das relacións internacionais é outra. Estas relacións establécense en forma de rede na que cada nó sería un estado que disporía de diversas conexións cos demais. Estados Unidos sería tan só o nó con máis conexións mediante as que influir nos demais, pero influencia e sumisión son concep-

tos moi diferentes. Ademais, aínda que outros estados non poden concorrer individualmente con eles, unha tentativa de dominación pode provocar alianzas para contrarrestar este poder.

No que atinxe ao fenómeno da globalización, Zaldívar destaca a visión desta como un elemento homoxeneizador que acabará impondo no globo o modelo de capitalismo liberal anglosaxón. Para o autor, esta é unha opinión defendida por diversos intereses, poderes que desexan mercados abertos en todo o globo para a forza de traballo, os produtos manufacturados, as materias primas e demais factores. Esta visión parte dos autores europeos e estadounidenses, que son os países que a crearon e aos que beneficia a extensión da súa criatura.

Na práctica, o modelo capitalista precisa adaptarse ás novas sociedades nas que quere implantarse. En casos como o de Rusia, o modelo clásico fracasou estrepitosamente e agora buscan o seu propio modelo de capitalismo; China fixo a implantación adaptando ao modelo as peculiaridades culturais e políticas da nación e obtivo resultados moito máis satisfactorios. A explicación estaría na interdependencia dos modelos económicos e sociais, de xeito que un capitalismo non adaptado ás peculiaridades de cada nación pode acabar nunha gran crise. Como consecuencia, no canto de homoxeneizar o globo, a exportación do capitalismo a outras nacións xera novos modelos económicos locais adaptados á sociedade que os recibe.

Ao mesmo tempo, os capitalismoos xa implantados poden ser americanizados co tempo, como o caso europeo, pero esta sociedade oponse a tal transformación e desexa manter conquistas no terreo dos dereitos dos traballadores que xa forman parte do seu legado cultural.

Na última parte o autor expón que a injerencia está a ser aplicada pola comunidade internacional cun dobre baremo: intervense alí onde lle convén aos intereses dos poderosos e isto desprestixia os dereitos humanos. Para evitar esta situación sería preciso determinar a resposta a preguntas tales como, se os dereitos humanos son vulnerados, debemos inxerir ou non? En tal caso, quen debería facelo? De que forma? Utilizando que medios?

Se observamos algúns casos de injerencia contra a violación dos dereitos humanos atopamos intereses políticos, económicos ou estratéxicos que motivan a intervención. Esta injerencia ten lugar en áreas nas que a estabilidade é necesaria para os intereses da comunidade internacional. Ao mesmo tempo, ignóranse áreas moito máis castigadas polas atrocidades, a causa do seu nulo interese para aqueles estados que teñen capacidade de intervir na defensa dos dereitos humanos.

O autor expón un problema chave na injerencia: os dereitos humanos parten dunha concepción occidental destes e os pobos sobre os que se pretende intervir poden ter unha visión diferente e dende a súa cultura igualmente válida, o que pode provocar que se sintan agredidos ao efectuarse unha injerencia externa nos seus asuntos.

A solución proposta polo autor consiste na creación dunha listaxe curta de dereitos e deberes para estados e cidadáns, acadada por medio dun consenso no que participen o maior número posíbel de nacións e que respecte a diversidade cultural. Estes

serían logo desenvolvidos por cada estado a partir da concepción que a súa cultura propia teña destes dereitos.

A vulneración dos dereitos desta listaxe suporía a injerencia, pero esta só debe realizarse baixo o acordo da ONU para outorgarlle lexitimidade a estas intervencións. Zaldívar expón ademais a necesidade dun Tribunal Penal Internacional capaz de impór os seus ditames como ferramenta para acadar o respecto aos dereitos recollidos nesta *listaxe dura de dereitos humanos*.

As tres ideas centrais desta obra son moi simples e están perfectamente desenvolvidas. Os Estados Unidos non son un líder a nivel mundial, a globalización crea capitalismo diversos no canto de homoxeneizar e a injerencia aplícase cun dobre raseiro que desprestixia uns dereitos humanos creados dende a cultura occidental e que pretenden ser exportados a todo o globo.

Aarón Lemos.